



Expediente núm.: 151/2023

Resolución de Alcaldía

Procedemento: Contratación de persoal. Selección dun socorrista para a piscina municipal ao abeiro do programa de fomento de emprego e mellora da empregabilidade

Documento asinado por: O Alcalde

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Primeiro.- De conformidade co disposto nas bases reguladoras que rexerán a selección e contratación laboral temporal de un socorrista ao abeiro da orde do 13 de marzo de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

Segundo.- Á vista das solicitudes presentadas no Rexistro Xeral do Concello de As Nogais.

Terceiro.- Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal e de conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar provisionalmente admitidos e excluídos os aspirantes seguintes:

ASPIRANTES ADMITIDOS	
APELIDOS E NOME	DNI
PAZ RIOJA, PATRICIA	***8401**

ASPIRANTES EXCLUIDOS/AS: Ninguén

Segundo.- Elevar a definitiva a lista ata agora provisional de admitidos e excluídos, ao non haber excluídos.

Terceiro.- A composición do Tribunal Cualificador será a seguinte:

PRESIDENTE: Ana Belén Alba González, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de As Nogais.

PRESIDENTE SUPLENTE: Mauro Chico Carballas, Técnico Medio de Xestión en adscrición temporal do Concello de Vilalba.

SECRETARIO: Sandra Díaz Álvarez, Secretaria-Interventora do Concello de As Nogais.





SECRETARIO SUPLENTE: Carolina Isabel Fernández Lago, Secretaria do Concello de Folgoso do Courel.

VOGAL 1: Severiano Daniel Vázquez Prado, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

VOGAL 1 SUPLENTE: David Criado Taboada, Secretario-Interventor do Concello de Agolada.

VOGAL 2: Julio López Veiga, Traballador Social do Concello de As Nogais.

VOGAL 2 SUPLENTE: Leticia Copa López, Traballadora Social do Concello do Courel.

VOGAL 3: Alejandro Maseda Mallo, Secretario do Concello de Vilalba.

VOGAL 3 SUPLENTE: Elisa Muñoz Álvarez, Secretaria-Interventora do Concello de Baralla.

Cuarto.- Convocar ao Tribunal de Selección para a constitución do mesmo, o martes, día 11 de xullo ás 10:30 horas, de xeito telemático, e, a continuación, proceder á baremación de méritos do persoal admitido.

Quinto.- Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de As Nogais.

Sexto.- Dese conta da presente resolución ao Pleno da Corporación municipal.

Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte ao da publicación, sen prexuízo de que os interesados podan exercer calquera outro que estime oportuno.

No caso de interpoñer recurso de reposición, non se poda interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso interposto.

As Nogais, na data da sinatura á marxe
O Alcalde-Presidente,
Jesús Manuel Núñez Díaz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

